

NORMAS XERAIS DAS PROBAS ESCRITAS

Todo o alumnado terá que asistir ás probas co documento nacional de identidade, carné de conducir, pasaporte, documento nacional de identificación de estranxeiros ou calquera documento oficial que acredite a súa identidade.

O alumnado asistirá ao exame á hora indicada, non podendo entrar á proba unha vez esa comece.

Segundo a normativa de educación está prohibido o uso de móbiles nos centros educativos, e fumar en todo o recinto.

Será obrigatorio asistir ás probas con dous bolígrafos (azuis ou negros) e o material que lle poidan solicitar en módulos en concreto que serán avisados con antelación (regras, calculadoras...). E queda prohibido durante os exames comer e só se permite beber auga.

Para a mellor organización solicitarase en tódolos módulos unha preinscrición ás probas, non sendo obrigatoria nin vinculante, pero facilita a organización e o bo desenvolvemento.

En caso de dúbida consulten a cada docente ou a titora por medio da mensaxería da plataforma de educación a distancia.